

1

Presentación

Manuel Martínez

Presidente da Sociedade de Cazadores de Portas.



Unha realidade que hai que cambiar

Non fai moitos anos que as poboacións de coello eran moi abundantes en Galicia e algo máis importante aínda, cubrían unha ampla superficie da nosa Comunidade. En case que calquera recuncho podías atopar un alegre coello. En moi pouco tempo estamos xa a sufrir as consecuencias da escaseza e nalgúns lugares ata a desaparición total deste entrañable e simpático roedor.

Os tempos cambiaron, cada día trabállase menos o campo, as enfermidades atacan, a presión cinxética é maior, os depredadores aumentan, os lumes arrasan, as

repopoacións fallan e outras pequenas cousas que sen lugar a dúbida conlevan a esta preocupante situación pola que atravesan hoxe en día as poboacións de coello en Galicia.

Esta é a lamentable situación da realidade das poboacións de coello, a cal, se non poñemos remedio axiña, pódenos levar moi pronto a ter que escribir curiosas historias de fermosos días de caza dende o pasado e dende a nostalgia.

O pasado témolo claro e o futuro podémolo adiviñar. Pero o máis importante agora mesmo é pensar en presente ¿Que



estamos a facer por recuperar o coello de monte?.

Baixo a miña modesta opinión "pouco e mal".

Esta dura labor ten que ser responsabilidade de todos: Administración, cazadores, agricultores, comunidades de montes e todos aqueles que dunha ou doutra maneira condicionan a súa existencia. Sen esta complicidade entre as partes é escusado seguir loitando. A guerra está perdida.

Ímonos ir por un íntre a esa máxica noite do 5 de xaneiro e soñemos, soñemos cunha administración comprometida apoiando técnica e economicamente, uns agricultores e gandeiros respetuosos cos usos do medio, unhas comunidades de montes que non pensen única e exclusivamente na produción de eucaliptos e en desbroces masivos, nuns incendiarios reconvertidos a vixiantes e como non nuns responsables das sociedades de caza que abandonen as prácticas habituais de repoboación con grandes cantidades de coellos mercados "on line" e abandonados á súa sorte. E xa postos a soñar, porque non, unha vacina efectiva contra as enfermidades dos coellos. Case perfecto verdade? Pero soio era un soño. ¡Despertemos! A realidade é outra, moi diferente e Ti és imprescindible para poder cambiala.

Este pequeno libro feito dende o coñecemento e a experiencia, baseado en traballos científicos pretende sentar as bases e servir de axuda para ese duro traballo que levan a cabo en Galicia as Sociedades de Caza na procura por mellorar as poboacións de coello, agora ben, se Ti cazador es dos que vai seguir tirando coellos ó monte de dudosa proceden-

cia, sen ningún tipo de adaptación, sen ningún control sanitario, cunha pura xenética de xaula, por favor non sigas lendo este libro. Non che vale a pena perder máis tempo, outros xa o perdemos por Ti, pero debes ser consciente que estás contribuíndo á desaparición da especie. ¡Ti mesmo!

Hoxe en día hai coñecementos sobre aspectos básicos do coello como poden ser: a bioloxía, a organización social, a súa reprodución, a súa alimentación, as repoboacións, etc., os cales se reflexan nesta publicación e poden ser de moita axuda, por non dicir de obrigado cumprimento para mellorar os resultados das repoboacións de coello en Galicia.

Espero que así sexa.

Non podía rematar esta presentación sen agradecer a colaboración a todos aqueles que a fixeron posible: Consellería de Medio Ambiente, Federación Galega de Caza, Sociedade de Caza de Portas e como non a D^o Vicente Piorno, D^o Carlos Calvete, D^o Rafael Villafuerte, D^a Francica Castro e algún máis que seguro me queda no tinteiro, a todos eles GRAZAS.

Este pequeno libro feito dende o coñecemento e a experiencia, baseado en traballos científicos pretende sentar as bases e servir de axuda para ese duro traballo que levan a cabo en Galicia as Sociedades de Caza